



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



Por Decreto da Alcaldía 150/2025 de 30/06/2025 se aprobaron as bases que rexeran a contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais no Concello de Cerdido ao abeiro das Bases reguladoras do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (liña 1.1. PEL-CONCELLOS 2025) e que deseguido se expoñen.

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN DE TRES PEÓNS DENTRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN DA PROVINCIA DE A CORUÑA 2025.

1.- Obxecto da convocatoria.

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de selección de dúas persoas desempregadas, en situación de risco de exclusión social para a súa posterior contratación coma peóns para a prestación de servizos municipais básicos, no marco da subvención que lle foi concedida ao Concello de Cerdido pola Deputación Provincial da Coruña para fomentar o emprego nos concellos ao abeiro das Bases reguladoras do programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PEL-CONCELLOS 2025), incluído na liña 1.1 do Plan de Emprego Local.

De conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, no Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, así coma a restante normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.

2.- Requisitos e criterios para a selección de traballadores.

1- Para poder ser admitidos no presente proceso selectivo as persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e deberán reunir os seguintes requisitos xerais, conforme o artigo 56 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro así como os que se indican nas bases específicas da convocatoria:

a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e do previsto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, respecto do acceso ao emprego público por nacionais doutros Estados.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa.

c) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto de traballo.

d) Estar en posesión do título académico de educación primaria, certificado de escolaridade ou calquera outro título equivalente aos anteriores.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo da Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou das Entidades Locais, nin estar inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas. No caso de nacionais doutros Estados, non atoparse inhabilitado nin en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



f) Os aspirantes deberán estar en posesión do carné de conducir clase B dada a necesidade de ter que desprazase cos vehículos municipais aos lugares de execución do traballo.

g) Os aspirantes deberán xustificar que se atopan en situación de desemprego, inscritos no Servizo Galego de Colocación coma demandantes de emprego.

h) De conformidade co establecido na Base 3.2, os aspirantes deberán xustificar que se atopan nalgunha das situacións de exclusión laboral que se relacionan nas bases específicas da convocatoria do Programa de Integración Laboral, PEL Concellos 2025, da Deputación Provincial da Coruña. e que serán comprobadas polos concellos nos procesos de selección das persoas a contratar:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.

- Maiores de 45 anos.

- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritas como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.

- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior ao 33%.

- Persoas en situación de drogodependencia.

- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.

- Persoas con fogar monoparental.

- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.

- Persoas vítimas de violencia de xénero.

- Persoas sen fogar.

i) Deberase acreditar o coñecemento do idioma galego coa presentación dos cursos de formación CELGA 1 ou a súa validación. No caso de non presentar este requisito, deberan realizar unha proba escrita ou oral de coñecemento do idioma correspondente, que acredite que posúe un dominio da lingua xeral que lle permita satisfacer as necesidades máis primarias de comunicación. No caso de cualificarse como non apta, quedaran excluídos da bolsa de contratación.

Os anteriores requisitos deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar destes ata a toma de posesión, sendo nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

3.- Modalidade de contratación, duración do contrato, funcións e retribucións.

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, regulado na Disposición Adicional novena do Texto Refundido da Lei de emprego, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2015, de 23 de outubro, segundo a modificación introducida pola Disposición final 2ª do Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado do traballo, ó tratarse de contratos ligados ao Plan de Emprego Local (PEL) que desenvolve a Deputación Provincial da Coruña, entendéndose englobado dentro do concepto de políticas activas de emprego regulado no artigo 36 do Real Decreto Lexislativo 3/2015, de 23 de outubro.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



Prazas convocadas:

Prazas convocadas:

- Peón (dúas prazas)

Retribución bruta: 1.388,52 euros mensuais, incluída a repartición das pagas extra.

Xornada: completa

Duración do contrato: 5 meses

- Peón (unha praza)

Retribución bruta: 1.380,52 euros mensuais, incluída a repartición das pagas extra.

Xornada: completa

Duración do contrato: 2 meses

En todo caso, os contratos laborais deberán iniciar e rematar na anualidade 2025, tal e coma establecen no punto 3.3 das bases da Deputación da Coruña.

O persoal contratado deberá realizar, exclusivamente, actividades relacionadas cos seguintes servizos mínimos previstos nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

- Iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.
- A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.
- Protección da salubridade pública.

Así mesmo, poderán executar pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas cos ditos servizos.

As actividades subvencionadas deberán desenvolverse de forma maioritaria no territorio da provincia da Coruña e co galego como lingua vehicular

4.- Presentación de solicitudes.

As persoas que desexen tomar parte nesta convocatoria deberán facelo mediante a presentación da correspondente instancia segundo o modelo establecido no Anxeo I das presentes bases, no Rexistro do Concello de Cerdido, así coma nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de instancias será de cinco (5) días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Á instancia unirase necesariamente a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI ou documento de identificación.
- b) Fotocopia do carné de conducir C1
- c) Copia do Celga 1 (ou superior) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.
- d) Fotocopia do certificado de escolaridade



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



- e) Fotocopia da tarxeta actualizada xustificativa de ser demandante de emprego no Servizo Galego de Colocación
- f) Fotocopia das certificacións acreditativas de ter rematados favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas.
- g) Documento xustificativo de atoparse nalgunha das situacións de exclusión laboral de conformidade co establecido na base 5:

Situación de exclusión	Documentación a achegar
Mulleres	Fotocopia DNI
Maiores de 45 anos	Fotocopia DNI
Desempregados de longa duración	Informe vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade, grao igual ou superior ao 33%	Fotocopia do certificado de discapacidade
Persoas en situación de drogodependencia	Informe dos servizos sociais do Concello onde resida
Persoas con fogar onde ninguén ten emprego	Informe dos servizos sociais do Concello onde resida
Persoas con fogar monoparental	Informe dos servizos sociais do Concello onde resida
Persoas con problemas atopar emprego por idioma ou cuestións socioculturais	Informe dos servizos sociais do Concello onde resida
Persoas sen fogar	Informe dos servizos sociais do Concello onde resida
Persoas vítimas de violencia de xénero	Informe dos servizos sociais do Concello onde resida

5.- Admisión de aspirantes

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución da Alcaldía, indicárase a composición da Comisión Seleccionadora que aprobará a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas e que será publicada no taboleiro de anuncios na sede electrónica do concello.

Os aspirantes disporán dun prazo non superior a dous (2) días hábiles para a subsanación de deficiencias, dende a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

As reclamacións, se as houbera, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista de definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal e o lugar e data da celebración das probas selectivas.

7.- Publicidade.

As bases do presente proceso selectivo publicaranse integramente no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.cerdido.org), así coma no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Publicarase un anuncio da convocatoria do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



Será posible a publicación simultánea das bases de selección e da convocatoria do proceso de selección.

Os resultados das probas, as citacións e emplacements aos aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, medio exclusivo de notificación aos interesados, sen prexuízo de que aos efectos de conseguir unha maior difusión potestativamente se poderán publicar na web do Concello de Cerdido.

A publicación das listas de admitidos e excluídos, listados de aprobados, resolucións de nomeamentos e demais documentos realizaranse contendo o nome e apelidos dos aspirantes así como o número parcial do DNI ou documento equivalente.

8. Tribunal cualificador.

A selección dos aspirantes levarase a cabo por un tribunal cualificador que estará integrado por: presidente, secretario e tres vogais.

Os membros do tribunal cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de igual nivel ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

O órgano de selección será colexiado e a súa composición será axustada aos principios de imparcialidade e profesionalidade enunciados no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Na súa composición deberá tenderse á paridade entre homes e mulleres.

Non poderán formar parte do tribunal o persoal de elección ou designación política, o persoal interino, o persoal laboral temporal o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizan tarefas de preparación a aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ningún.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunha das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas, sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade que convocou, cando conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra algunha das circunstancias ás que se refire o parágrafo anterior.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

Tódolos membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



As decisións do tribunal adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o tribunal cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

9.- Sistema de selección

A selección das persoas aspirantes realizarse por concurso-oposición,

9.1.- Fase Concurso:

9.1.1. - Formación: Máximo de 2 puntos

Por cada programa de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizado ou financiados polas Administracións Públicas, rematado favorablemente: 0,5 puntos.

9.2.- Fase Oposición que consistirá na realización dos seguintes exercicios:

Primeiro exercicio: consistirá na realización dunha proba práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio, relacionada coas funcións propias dos postos de traballo obxecto da convocatoria, a determinar polo tribunal avaliador, nun tempo máximo que tamén determinará o tribunal segundo a dificultade do exercicio. Este exercicio é eliminatorio e será cualificado de 0 a 8 puntos, sendo excluídos os aspirantes que non obteñan unha puntuación mínima de 4 puntos.

Valorarase a rapidez na execución da mesma, precisión e limpeza dos traballos.

Segundo exercicio: Proba de coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio.

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega (CELGA 1 ou equivalente) terán unha proba de galego, que será cualificada coma apto ou non apto. Será necesario obter a cualificación de apto para superar o proceso selectivo quedando automaticamente excluídos os aspirantes que reciban unha cualificación de non apto.

Quedan exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente.

A relación definitiva de aprobados neste exercicio serán expostas no taboleiro de anuncios da Corporación, colocados por orde de puntuación. Os aspirantes que ocupen os dous primeiros postos na relación definitiva de aprobados accederán ás dúas prazas de peón cun contrato de 5 meses de duración e o terceiro con mellor puntuación accederá a praza de 2 meses de duración. No caso de que algún dos aspirantes que obtiveran algunha das dúas mellores puntuacións na lista o solicite, poderá ser contratado por un período de dous meses. No caso de que os dous aspirantes que obtiveran as mellores puntuacións na lista, soliciten ser contratados por un período de dous meses, dirimirase a cuestión pola puntuación tendo prioridade de elección o candidato/a que obtivese maior puntuación no concurso-oposición.

10.- Formación da bolsa de traballo de substitución para as prazas ofertadas mentres duren os contratos de traballo.

Na acta da última sesión do tribunal de selección incluíranse unha lista dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo segundo a orde de puntuación obtida.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



De se producir empate na puntuación final, dirimirase por sorteo.

A acta do tribunal de selección elevarase á Alcaldía para que dite resolución de aprobación da lista de aspirantes.

Os aspirantes contidos na lista poderán ser contratados durante a súa vixencia sempre e cando, antes da súa contratación, acrediten os extremos requiridos na correspondente convocatoria de Programa da Deputación Provincial da Coruña PEL Concellos do ano 2025 e previa acreditación no expediente da existencia de crédito adecuado e suficiente para esta finalidade.

Ademais, con carácter previo a súa contratación, deberán presentar recoñecemento médico polos servizos do Concello, que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións e declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal das Administracións Públicas e non ter sido separado nin inhabilitado do servizo público.

As listas de aspirantes que se creen terán a mesma vixencia que as contratacións temporais derivadas deste proceso. Non obstante, a dita lista quedará anulada automaticamente se antes da finalización da súa vixencia se convoca un novo proceso selectivo e se aproban novas listas de aspirantes.

O funcionamento da bolsa rexerase polas seguintes normas:

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica. En aras de garantir este procedemento o/a interesado deberá comunicar ao concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración do número de contacto, aínda que esta alteración teña carácter transitorio, e como mínimo realizaranse dúas chamadas.

O empregado público que realice o chamamento o fará constar mediante dilixencia indicando a disposición ou non do aspirante a ser contratado, e sen prexuízo de que o aspirante o comunique tamén de xeito formal.

De non atender ó chamamento, unha vez realizadas como mínimo dúas chamadas, entenderase que o aspirante non ten disposición de ser contratado.

De manifestar a súa disposición, a alcaldía ditará resolución de requirimento que será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello e desde ese momento empezarán a contar os correspondentes prazos, sen prexuízo da posibilidade de comunicar tamén dita circunstancia por vía telefónica ou por correo electrónico, para que acrediten os extremos requiridos, presenten recoñecemento médico que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións e declaración xurada de non estar incurso en inhabilitación para ser persoal das Administracións Públicas e non ter sido separado nin inhabilitado do servizo público.

Se no prazo que se sinale, o aspirante non presenta a documentación requirida ou non acredita os extremos requiridos, pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que poida acreditar un suposto de forza maior (entenderase por forza maior entres outros, estar desempeñando actividade laboral no sector público ou privado debidamente acreditado).

De non manifestar a súa disposición, pasarase a chamar ao seguinte aspirante da lista.

Ó rematar o contrato, o/a aspirante retornará ao posto que lle corresponda na lista aprobada. Unha vez presentada a documentación que corresponda, o Alcalde ditará resolución de nomeamento a favor do aspirante que corresponda, e asinará o contrato laboral nun prazo de cinco (5) días naturais.



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



11.- Protección de datos de carácter persoal.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporárase nun ou varios ficheiros, do/s que é responsable o Concello de Cerdido.

A finalidade do tratamento é o procedemento de selección e contratación laboral temporal para cubrir os postos que se refiren as presentes bases, dentro do Programa de Integración Laboral subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña.

Mediante a participación neste proceso, as persoas aspirantes manifestan o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade antes indicada que comprende o rexistro de solicitudes de aspirantes, a cualificación de probas e avaliación das persoas candidatas, así como a provisión de postos e confección de listas de substitución.

Os datos serán conservados durante o prazo estritamente necesario para cumprir coa finalidade antes indicada.

12.- Recursos

Contra a resolución de alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, segundo o art. 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa.

Así mesmo poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o Alcalde-Presidente, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Transcorrido o prazo de un (1) mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se teña recibido notificación da resolución do mesmo este se poderá entender desestimado conforme ao previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do anterior, as solicitudes de revisión de exame poderán ser presentadas no prazo máximo de 5 días hábiles a contar desde a publicación do anuncio de cualificacións da proba. Tales solicitudes serán resoltas polo Tribunal de Selección no prazo máximo de 1 mes a contar desde a presentación da mesma.

Contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección caberá a posibilidade de interpoñer recurso de alzada no prazo de un (1) mes a contar desde a publicación ou notificación do acordo, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía-Presidencia da Corporación.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres (3) meses, transcorrido este prazo sen que recaia resolución, se poderá entender desestimado o recurso



Concello de Cerdido (A Coruña)

Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



conforme o previsto no artigo 122.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

13.- Réxime xurídico aplicable

En todo o non previsto expresamente nas presentes bases, serán de aplicación o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios ao servizo das Entidades Locais, o Real Decreto 364/1995 polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado e demais lexislación vixente de aplicación.

14.- Aprobación das bases

As presentes bases serán aprobadas polo Sr. Alcalde do Concello de Cerdido.

ANEXO I

SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRES PEÓNS DENTRO DO PLAN DE INTEGRACIÓN LABORAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN DA PROVINCIA DE A CORUÑA 2025.

Don / Dona _____ DNI _____
Enderezo _____ Localidade _____
Teléfono _____ Correo electrónico _____

Vistas as Bases específicas para a contratación de tres peóns (dous por un período de 5 meses e un por un período de 2 meses), dentro do Plan de Integración Laboral da Excma. Deputación de A Coruña no ano 2025, para a execución de obras e servizos mínimos municipais de Cerdido.

EXPOÑO:

Que desexo participar no proceso selectivo para a provisión das prazas de peón de acordo coas bases da convocatoria

Para tal efecto fago constar:

- 1º Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2 da convocatoria
- 2º Que coñezo e acato incondicionalmente o contido das bases
- 3º Que son certos tódolos datos que constan na presente solicitude
- 4º Que achego coa presente solicitude a documentación xustificativa para a súa estimación

SOLICITO:

Ser admitido a participar no referido proceso selectivo

Documentación que achega:

- ☐ Fotocopia de DNI, NIE, pasaporte ou documento equivalente.
- ☐ Documentación acreditativa da situación de desemprego e de pertencer a un colectivo de exclusión laboral segundo os requisitos específicos recollidos na base 2



**Concello de Cerdido
(A Coruña)**

Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno. 981 411 000
www.cerdido.es correo@cerdido.es



- ☐ Fotocopia das certificacións acreditativas de ter rematados favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas.
- ☐ Copia do CELGA 1 (ou superior) ou equivalente debidamente homologado por órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para aqueles aspirantes que desexen estar exentos da realización da proba de aptitude de coñecemento de galego.
- ☐ Copia do carne de conducir clase B

Cerdido, _____ de _____ do 2025

Asdo./_____

Cerdido, 1 de xullo de 2025

O Alcalde

Alberto Javier Rey Paz